

## I.8. Galicia

(Primer semestre de 2008)

Alba Nogueira López\*

### Introducción

A crónica do primeiro semestre de 2008 presenta poucas novidades. Dentro das normas con rango de lei as referencias á lingua son de carácter menor ou reiterativas de normas previas.

No caso dos decretos autonómicos compre poñer de relevo a aprobación do Decreto polo que se regula a acreditación do galego dos funcionarios locais con habilitación estatal. Tanto nas normas con rango de lei como nos decretos faise referencia a algunhas normas nas que puido figurar unha regulación referente á lingua pero nas que non aparece ningunha mención —crónica da omisión lexislativa.

Incorpórase o seguimento de dúas normas que no semestre estudado foron obxecto de decisións ou controversias. En concreto, o fin da longa batalla xudicial do Concello de A Coruña contra o seu topónimo oficial por unha decisión do seu Pleno municipal de desestimento das accións xudiciais aínda pendentes. Tamén as últimas novidades en relación coa aplicación do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso do galego no ensino.

No campo do fomento inclúense tanto axudas ligadas de xeito estrito á normalización lingüística especialmente no ámbito da cultura e a educación, como algunha axuda con condicionado lingüístico noutros sectores.

### Leis do Parlamento de Galicia e normas con rango de lei

A actividade lexislativa do Parlamento de Galicia non é neste semestre especialmente salientable desde o punto de vista da normativa relativa á lingua galega. Tan só se poden mencionar algunhas normas con referencias menores e de carácter moi parcial.

---

\* Alba Nogueira López, profesora titular de dereito administrativo, Universidade de Santiago de Compostela.

Entre as normas con rango de lei deste período hai que facer alusión ao Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia (DOG de 13 de xuño).<sup>1</sup>

A disposición derradeira primeira da Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, autorizaba ao Goberno galego para que, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor da devandita lei, aprobase un decreto legislativo que contivese un texto único en que se recollese a Lei 4/1988, do 26 de maio, e as sucesivas modificacións realizadas a esta. Esta autorización non incluía a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que debían ser refundidos. Por este motivo estamos ante unha norma chamada a ter unha vixencia temporal moi limitada xa que non incorpora o desenvolvemento preciso do Estatuto básico do empregado público. A súa única función é a de clarificar o panorama normativo existente “renumerando” as disposicións vixentes pero sen completar as lagoas existentes nin ofrecer novas solucións normativas ou o desenvolvemento dos preceptos básicos do EBEP.

É por iso que as dúas disposicións que eran comentadas en anteriores números de *Revista de Llingua i Dret*,<sup>2</sup> en relación coa obrigatoriedade de acreditar o coñecemento do galego para tódolos aspirantes ao emprego público mediante a realización de probas *en galego* e coa avaliación de desempeño das funcións tendo como un criterio o cumprimento do Plan de Normalización Lingüística, se manteñen nos mesmos termos coa única modificación da súa numeración.<sup>3</sup>

---

1. [http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/9ec54f6e14fd9e43c1257466004b8d36/\\$FILE/11400D001P007.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/9ec54f6e14fd9e43c1257466004b8d36/$FILE/11400D001P007.PDF)

2. *Revista de Llingua i Dret*, núm. 49, maio 2008.

3. Artigo 35.

Para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego na Administración pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso da lingua propia de Galicia nas relacións coa Administración pública no ámbito da comunidade autónoma, e en cumprimento da obriga de promover o uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia que determina o artigo 6.3º da Lei de normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e nas entidades locais de Galicia, terase que demostrar o coñecemento da lingua galega.

Para estes efectos, as bases das convocatorias establecerán que unha ou máis das probas do proceso selectivo se deberán realizar exclusivamente en lingua galega, e iso sen prexuízo doutras probas adicionais, que se puidesen prever, para aqueles postos de traballo que requiran un especial coñecemento da lingua galega.

#### Artigo 68

1. A Administración pública galega establecerá sistemas que permitan a avaliación do desempeño das súas empregadas e empregados.

Noutra orde de cousas, a Lei 1/2008, do 17 de abril, de creación do Colexio Profesional de Detectives Privados e Privadas de Galicia (DOG de 28 de abril)<sup>4</sup> reitera o texto que figura nas leis de creación dos colexios profesionais nos últimos tempos de compromiso de normalización do galego nas súas relación internas e externas.

«Artigo 5º. Do uso do galego nas comunicacións.

O colexio procurará e fomentará o uso do galego en todas as súas comunicacións externas e internas, segundo o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e na regulación da normalización lingüística.»

En materia institucional, a Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (DOG de 10 de xuño)<sup>5</sup> crea a AGADIC que é unha axencia pública autonómica que se adscribe á consellaría con competencias en materia de cultura da Xunta de Galicia e que ven suceder ao Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais no exercicio das funcións que este organismo desenvolvía ata o momento.

Entre os fins que se sinalan para esta Axencia están (art. 4): «Garantir o progreso da cultura galega, e nomeadamente a normalización e o impulso do idioma galego como medio para protexer e fomentar a identidade cultural de Galicia, o desenvolvemento social, o crecemento económico e o diálogo intercultural en condicións de igualdade e respecto con identidades diferentes nun contexto globalizado».

Non aparece ningunha mención, pola contra, aos usos lingüísticos desta Axencia como tampouco se introduce previsión algunha na Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais (DOG de

---

A avaliación do desempeño é o procedemento a través do cal se mide e valora a conduta profesional e mais o rendemento ou o logro de resultados. [...]

4. A Xunta de Galicia articulará un sistema que, entre outros factores, terá en conta necesariamente:

- a) O grao de satisfacción da cidadanía respecto dos servizos que lle presten.
- b) A boa xestión e organización da estrutura administrativa, para o cal promoverá a utilización por parte do persoal directivo dos datos derivados da xestión para a toma de decisións.
- c) A implicación en procesos innovadores e de boas prácticas a prol da excelencia.
- d) A normalización e a racionalización de procesos.
- e) O grao de cumprimento do Plan de normalización lingüística.

4. [http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/f8b354a518df66b9c1257436005760fd/\\$FILE/08100D001P009.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/f8b354a518df66b9c1257436005760fd/$FILE/08100D001P009.PDF)

5. [http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/5914b9ccd91ac676c12574630063bba1/\\$FILE/11100D001P007.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/5914b9ccd91ac676c12574630063bba1/$FILE/11100D001P007.PDF)

11 de xuño).<sup>6</sup> A ausencia de normativa de réxime xurídico da Administración autonómica que desenvolva os preceptos da Lei de Normalización Lingüística en cuestións como o procedemento administrativo, a contratación pública ou as subvencións, podería ser suplida parcialmente se as leis de creación de entes instrumentais foran enchendo esa lagoa normativa para o seu propio ámbito de actuación. Polo momento non se teñen dado pasos nesa dirección.

Compre facer referencia tamén neste apartado á finalización dun conflito prolongado na aplicación do precepto da Lei de Normalización Lingüística de 1983 en relación co uso do topónimo galego como único válido. O Concello de A Coruña decidiu en xuño de 2008 desistir das accións xudiciais pendentes que reivindicaban a utilización do topónimo na forma castelá. Esta polémica iniciárase o 2 de xaneiro de 1992, cando a Mesa pola Normalización Lingüística interpuxo un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia porque o Concello non recoñecía nin utilizaba como nome oficial o de A Coruña. Despois de varios fallos en contra das posicións do Concello tanto do Tribunal Superior de Xustiza como do Tribunal Supremo (STS de 25 setembro 2000; STS de 19 de setembro de 2001; STS 5 de xullo de 2006), este acordo municipal restaura o cumprimento da normativa vixente en materia de toponimia.

## Decretos autonómicos

### **A acreditación do galego na provisión de postos reservados a funcionarios con habilitación estatal**

No apartado de normativa autonómica con rango inferior á lei hai que facer mención ao Decreto 103/2008, do 8 de maio, polo que se regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter estatal no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Este Decreto incorpora a disposición adicional segunda da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, que prevía que nos concursos de traslados que afectan a estes funcionarios/as se incluía o coñecemento da lingua oficial nos termos previstos na lexislación autonómica correspondente. Esta previsión facía referencia tanto ao concurso ordinario de traslados anual para a cobertura

---

6. [http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/758444df335088e4c12574640069b8e7/\\$FILE/11200D001P010.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/758444df335088e4c12574640069b8e7/$FILE/11200D001P010.PDF)

de postos de traballo reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, cuxas bases específicas aproban as corporacións locais e as comúns cada comunidade autónoma dentro do seu ámbito territorial, como ao concurso unitario que subsidiariamente aproba o Ministerio de Administracións Públicas con idéntica periodicidade anual, en cuxas bases se incluíra o requisito da lingua de acordo co establecido polas comunidades autónomas.

En efecto na provisión de postos reservados a funcionarios con habilitación estatal, ben sexa polo sistema de concurso de méritos ou de libre designación, deberase acreditar o coñecemento do galego «mediante a presentación coa solicitude de participación no concurso ou a petición de cobertura do posto da documentación xustificativa de estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou do seu equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia» (art. 2.1). Será, por tanto, este nivel do CELGA<sup>7</sup> o que se deba acreditar como requisito de provisión deses postos de traballo. Non obstante, o Decreto prevé a posibilidade de realizar probas para aqueles candidatos/as que non dispoñan da documentación acreditativa de ter o CELGA 4 ou documento equivalente homologado. Nese suposto a superación das citadas probas dará lugar a unha cualificación de Apto ou Non Apto, como é propio dun requisito de acceso ou provisión e non dun mérito avaliable. Establécese, igualmente, a forma de incorporación de asesores-lingüistas para a valoración desta proba.

Un sistema semellante é o que se articula para o concurso unitario anual que convoca o Ministerio de Administracións públicas.

Finalmente establécese que a acreditación do coñecemento do galego de acordo co fixado neste decreto non terá validez máis alá do concurso ou convocatoria para o que se realizan as probas.

## O silencio do Decreto de sinalización turística

A aprobación do Decreto 138/2008, do 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galicia (DOG de 9 de xullo)<sup>8</sup> debe ser obxecto de comentario por “omisión”. Este Decreto, que establece un sistema de sinalización turística de Galicia a fin de prestar unha información homoxénea e coherente e

7. [http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.ED\\_8.pdf](http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.ED_8.pdf)

8. [http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/22e10601aab90794c125748000504a69/\\$FILE/13200D001P007.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/22e10601aab90794c125748000504a69/$FILE/13200D001P007.PDF)

que ten como obxecto unificar a imaxe corporativa do turismo galego, non inclúe ninguna referencia á lingua en que debe estar a sinalización turística. É certo que a toponimia ten que figurar necesariamente en galego, en virtude da Lei de Normalización Lingüística, pero a sinalización turística comprende outras indicacións (monumentos, espazos naturais...). O detalle das especificacións técnicas en relación coa tipografía, cor ou pictogramas que poden aparecer na sinalización turística contrasta coa ausencia de referencias á lingua destas sinalizacións que, se entende que, será o galego pero non aparece explícito como tal no texto do decreto.

## Os Estatutos dos colexios profesionais

Neste período aprobáronse por Decreto os Estatutos de dous colexios profesionais nos que se continúa o camiño xa sinalado en crónicas anteriores de incluír unha declaración en relación coa lingua propia do Colexio e un mandato de normalización do galego.

O Decreto 112/2008, do 15 de maio, polo que se aproban os Estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (DOG de 6 de xuño)<sup>9</sup> establece no seu articulado:

«Artigo 7º. Do uso do galego

1. O galego é o idioma propio do Colexio. O castelán é tamén lingua oficial.
2. De acordo co artigo 4 da Lei 10/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, o Colexio procurará e fomentará o uso do galego en todas as súas comunicacións internas e externas.»

En idénticos termos o Decreto 137/2008, do 19 de xuño, polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (DOG de 7 de xullo)<sup>10</sup> fixa:

«Artigo 7º. Do uso do galego

1. O galego é o idioma propio do Colexio. O castelán é tamén lingua oficial.
2. De acordo co artigo 4 da Lei 8/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia, o Cole-

9. [http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/73335e667cf3996dc125745f0068d5fa/\\$FILE/10900D006P037.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/73335e667cf3996dc125745f0068d5fa/$FILE/10900D006P037.PDF)

10. [http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/822145e65749ad5ec125747c004b6833/\\$FILE/13000D001P005.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/822145e65749ad5ec125747c004b6833/$FILE/13000D001P005.PDF)

xio procurará e fomentará o uso do galego en todas as súas comunicacións internas e externas.»

## Seguemento do Decreto de uso do galego no ensino

O Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso do galego no ensino segue estando no centro do debate político e social. Xunto con declaracións dalgún partido político apostando pola súa derogación en caso de gañar as eleccións, un amplo número de responsables de quipos de normalización lingüística de centros non universitarios galegos (190) ameazaron en maio de 2008 con presentar a súa dimisión se non se adoptaban medidas de apoio efectivo para cumprir o decreto autonómico. Nesta liña reclamaban o nomeamento dun director ou subdirector específico que se encargue da normalización lingüística en Educación; un plan de formación, en horario lectivo, para o profesorado; a preparación dos recursos e materiais didácticos necesarios, e que a inspección educativa garanta o cumprimento do decreto.

Os recursos xudiciais pendentes contra o Decreto seguen o seu camiño. Hai cinco procesos abertos contra o Decreto, dos que tres están interpostos por asociación e dous por particulares. Os intentos de suspender a aplicación do Decreto pola vía da tutela cautelar non prosperaron. Ademais a Asociación Galega para a Libertad del Idioma (AGLI) recorreu en casación a Sentenza do Tribunal de Xustiza de Galicia de 21 de novembro de 2007 desestimatoria da súa pretensión de anulación dos artigos 2 e 13 do Decreto pola vía de protección dos dereitos fundamentais ao entender atacado o dereito de igualdade.

## As medidas de fomento

As axudas deste período combinan as orientadas estritamente á promoción da lingua galega, en xeral en materia de cultura e educación, con algúns exemplos de axudas xerais con condicionamento lingüístico seguindo o mandato da Lei de Subvencións de Galicia de 2007 que establecía (art. 20) que o contido da convocatoria comprenderá entre outras cousas: «1) Criterios de valoración das solicitudes, se é o caso. Avaliarase, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda».

Dentro das axudas con condicionamento lingüístico atopamos a Orde do 30 de maio de 2008 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes a accións de comunicación e divulgación científica e tecnolóxica (Diverciencia) (DOG de 13

de xuño).<sup>11</sup> Estas axudas teñen por obxecto promover o desenvolvemento de actividades de comunicación e divulgación científica e tecnolóxica que contribúan a fomentar unha cultura do coñecemento da ciencia e a tecnoloxía que posibilite que o conxunto da sociedade teña unha mellor percepción das actividades de I+D+I e da repercusión dos seus resultados na sociedade. Entre os requisitos que deben cumprir as actividades subvencionables está o de «e) Empregar a lingua galega tanto no desenvolvemento da actividade como nos contidos de todo o material impreso, audiovisual ou electrónico que se produza» (art. 1.3). Establécese, por tanto, como un condicionante para a concesión da axuda o desenvolvemento da actividade en lingua galega.

Tamén volve a aparecer nunha convocatoria a inclusión do uso do galego en actividades docentes e/ou investigadoras universitarias como un mérito avaliable separadamente para a obtención de complementos retributivos para o persoal docente das universidades galegas. A Resolución do 9 de xuño de 2008 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular (DOG de 19 de xuño)<sup>12</sup> establece que tanto as actividades que promovan o uso do galego na docencia como na investigación serán avaliables co máximo da puntuación que corresponda ao apartado correspondente do curriculum aos efectos de obtención do citado complemento.

Mantense, igualmente, a dinámica imposta nas convocatorias da Dirección Xeral de Comercio de condicionar lingüisticamente as súas axudas. Dúas ordes introducen (co mesmo texto e no mesmo artigo) entre os criterios de avaliación a utilización da lingua galega.

— Orde do 29 de febreiro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos artesáns titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (DOG de 11 de marzo).

— Orde do 28 de febreiro de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras

---

11. [http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/106458229010ae73c1257466004b8d49/\\$FILE/11400D006P058.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/106458229010ae73c1257466004b8d49/$FILE/11400D006P058.PDF)

12. [http://www.xunta.es/dog/dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/bc8d6375591ae3bfc125746c005ba69e/\\$FILE/11800D014P052.PDF](http://www.xunta.es/dog/dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/bc8d6375591ae3bfc125746c005ba69e/$FILE/11800D014P052.PDF)



para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións profesionais de artesáns cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia, para o fomento do sector artesanal galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (DOG de 12 de marzo).

«Art. 10.6. Compromiso de utilización da lingua galega en todas as actuacións e nos elementos que proceda das actividades subvencionables. Este compromiso acreditarase mediante a presentación, debidamente asinada, do modelo que se inclúe como anexo VI, -5 puntos. 8.»

Con relación ao apartado de axudas destinadas a promover a lingua galega, a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria convoca a Orde do 13 de maio de 2008 pola que se regula a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a centros educativos privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación de accións que potencien o ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil (DOG de 20 de maio).<sup>13</sup> Hai que sinalar que o ámbito de aplicación, como se pode apreciar, é exclusivamente os centros de ensino concertados en contornos castelán falantes. A vontade de realizar acción de fomento específicas en ámbitos nos que a presenza do galego é escasa parece acertada pero pode resultar máis discutible a circunscrición aos colexios concertados e a previsión do art. 3 de que un requisito para a solicitude é que se estea impartindo lingua galega cando esta é unha obriga para ese nivel de ensino para tódolos centros de acordo coa normativa vixente.

#### «Artigo 3º. Requisitos

Para optar a estas axudas, deberanse cumprir os seguintes requisitos

- a) O centro de ensino que solicite a axuda deberá estar impartindo ensino en lingua galega no segundo ciclo da educación infantil en contorno maioritariamente castelanfalante.
- b) Tanto a xustificación de ser un centro situado en contorno castelanfalante coma o grao de presenza do galego nos distintos cursos e aulas do segundo ciclo de educación infantil do colexio deberán estar recollidos e aprobados no seu proxecto lingüístico para o curso 2008-2009.
- c) Os centros solicitantes deberán presentar, ademais do proxecto lingüístico, un proxecto didáctico que defina as actuacións que se desenvolverán

13. [http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/c5e14fc15a45093ac125744e0061eb78/\\$FILE/09600D004P037.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/c5e14fc15a45093ac125744e0061eb78/$FILE/09600D004P037.PDF)

para fomentar o achegamento á lingua escrita en galego e a consecución dunha competencia nesa lingua que permita a comunicación normal entre alumnado e profesorado e mais o seu asentamento como idioma base da aprendizaxe.»

Esta mesma Consellaría xunto coa Secretaría Xeral de Política Lingüística publica a Resolución conxunta do 7 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se aproban as bases e se convocan premios a proxectos de innovación en normalización lingüística de centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para desenvolver no curso académico 2008-2009 (DOG de 19 de xuño).<sup>14</sup> Os proxectos deberán fomentar algún ou varios dos seguintes aspectos:

- O galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas.
- O achegamento á lingua e ao coñecemento da realidade sociocultural galega por parte do alumnado procedente do estranxeiro e das súas familias.
- A colaboración con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas, así como coas empresas locais, para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.
- A relación da lingua galega coas tecnoloxías da información e da comunicación.

A Consellaría de Cultura convoca especificamente todo un conxunto de axudas para promocionar a lingua galega nos ámbitos da súa competencia con especial atención ás novas tecnoloxías e ao sector audiovisual.

— Orde do 27 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega, e se convocan para o ano 2008 (DOG de 27 de maio).

— Orde do 3 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o desenvolvemento e produción de contidos interactivos en lingua galega, e se convocan para o ano 2008. (DOG de 11 de xuño).

— Orde do 28 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a escrita indivi-

---

14. <http://www.xunta.es/dog/Dog2008.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/a26295e34131>

dual de guións de proxectos audiovisuais en lingua galega, e se convocan para o ano 2008(DOG de 11 de xuño).

— Orde do 27 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a promoción, produción e edición do libro galego, no que se refire á materialización dos grandes proxectos editoriais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (DOG de 10 de xuño).

Non obstante, esta mesta Consellaría segue convocando axudas xerais para infraestruturas ou actividades nas que non se incorpora condicionado lingüístico na liña fixada pola Lei de Subvencións. Así sucede, por exemplo, nas convocatorias establecidas nas ordes:

— Orde do 28 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e que non estean integrados na rede galega de teatros e auditorios, para o equipamento e mellora das instalacións técnicas dos espazos escénicos e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (DOG de 7 de maio).

— Orde do 29 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e mellora dos seus locais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (DOG de 9 de maio).

— Orde do 2 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás bibliotecas galegas de titularidade privada, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (DOG de 13 de maio).

Un ano máis a Consellaría de Presidencia convoca unha axuda para o mantemento dos servizos de normalización lingüística polos entes locais. Na Orde do 12 de xuño de 2008 pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega (DOG de 24 de xuño) establécense os criterios para optar a esta axuda da que dependen unha boa parte dos servizos de normalización nos entes locais de menor poboación para o seu funcionamento e, mesmo, existencia.